

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Guitiriz para a mellora das instalacións da ETAP de Guitiriz

1 Antecedentes

O Concello de Guitiriz dispón dunha Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) que ten 30 anos de antigüidade e é a planta que abasteceu desde 1989 á poboación de Guitiriz, ao seu polígono e á súa área de servizo. Actualmente a ETAP consta dun edificio principal de control, un anexo que aloxa o sistema de filtración e dous depósitos de acumulación de auga tratada apta para o consumo.

O Concello considera necesario realizar unha reforma total da planta, debido á obsolescencia da instalación, que implica un baixo rendemento e un elevado consumo dos seus equipos como son os motores de bombeo; á obsolescencia do sistema de control do proceso e os filtros; e á necesidade de tratar novos contaminantes que foron aparecendo na auga (tales como a presenza ocasional de iones de Fe).

2. Obxectivos que se pretenden

Coa execución da actuacións obxecto deste convenio preténdese, principalmente, mellorar o proceso completo de tratamento da auga, os seus equipos e tamén se actuará sobre o acondicionamento. Estas actuacións permitirán obter melloras no consumo de enerxía, no medioambiente e na calidade da auga.

Así, é obxecto do convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Guitiriz que permitan acometer polo concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para a mellora das instalacións da estación de tratamento de auga potable de Guitiriz, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento e o saneamento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación; e contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o



cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento e saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascende 414.011,87€. Augas de Galicia financiará un máximo de cento vinte e oito mil trescentos doce euros con noventa e dous céntimos (128.312,92 €) con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital a corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2021.



Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

